

INFORME SOBRE COBERTURA POR PROCEDIMENTO DE LIBRE DESIGNACIÓN DO POSTO DE XEFATURA DE ÁREA DA AUTORIDADE GALEGA DE PROTECCIÓN DA PERSOA INFORMANTE (AGPI), CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 5 DE XUÑO DE 2024.

1. Antecedentes

Por Resolución da Valedora do Pobo do 5 de xuño de 2024, aprobouse a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación do posto de Xefe/a de Área da Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante (AGPI), autoridade adscrita á Valedora do Pobo.

A convocatoria publicouse no Diario Oficial de Galicia nº 115 e no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia nº 39, ambos de 14 de xuño de 2024

2. Procedemento de convocatoria

O procedemento administrativo que se desenvolve, ten como finalidade a de valorar a formación e experiencia profesional das persoas que concorren nel, para poder valorar a adecuación da traxectoria de cada unha delas ao posto de traballo obxecto de provisión.

O posto convocado ten como sistema de provisión o de libre designación, de acordo coa vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Institución da Valedora do Pobo. De conformidade co disposto no artigo 29.2 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, na convocatoria pública para a cobertura dos postos de libre designación debe indicarse a súa denominación, o nivel e localización do posto e os requisitos indispensables para o seu desempeño, como figuran no anuncio publicado.

O posto de Xefatura de Área, corresponde ao grupo B¹ (A-2²), Escala Técnica de Finanzas (ou escala equivalente), con nivel de complemento de destino 26, tal e como figura nas bases da convocatoria.

A normativa básica en materia de Función Pública sinala que a libre designación con convocatoria pública, consiste na apreciación discrecional polo órgano competente da idoneidade dous candidatos en relación cos requisitos esixidos para o desempeño do posto (art.

¹ Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 20 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia.

² Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 42 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

80.1 Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).

Trátase de postos que se caracterizan pola discrecionalidade e a confianza profesional na selección, que debe ser motivada.

A confianza que se predica nestes casos ten carácter eminentemente profesional e busca a selección do mellor perfil entre os posibles, cara á consecución da maior eficiencia e a eficacia na xestión das competencias que ten atribuídas, neste caso, a Institución da Valedora do Pobo.

Para facer a selección entre as persoas solicitantes valorarase, para decidir a preferencia dunha persoa funcionaria sobre outras, de acordo coas funcións que ten asinado regulamentariamente o posto, a traxectoria profesional e a formación en relación coas mesmas.

3. Funcións do posto de Xefe/a de Área da Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante (AGPI)

De acordo co disposto no acordo do 27 de maio de 2024 da Mesa do Parlamento de Galicia (Boletín Oficial do Parlamento de Galicia nº 33, do 4 de xuño), pola que se aproba a Relación de Postos de Traballo do Valedor do Pobo, as funcións do posto son as seguintes:

- a) Realizar a xestión administrativa das fases de recepción de información, admisión, instrución e terminación das actuacións derivadas das denuncias presentadas ante a AGPI, e proposta de medidas de protección á persoa informante e o réxime sancionador.
- b) Emitir informes, estudos, desenvolvementos técnicos e propostas en materia xestión orzamentaria, normativas e políticas financeiras, análise e control contable público e privado, xestión económica, administración dos recursos financeiros, xestión de ingresos e gastos, investimentos e control de tesourería de entidades do sector público e privado.
- c) Levar a cabo asesoramento técnico en materia financeira, procedementos contables, procesos de contratación, licitacións e adxudicacións, auditoría interna que garanta o correcto funcionamento dos procesos financeiros e administrativos.
- d) Calquera outra función que, sendo análoga ás anteriores ou tendo carácter instrumental para garantir o correcto desempeño das funcións da Institución, se lle asignen polos seus superiores xerárquicos.

A Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante (AGPI), creada polo artigo 51 sexies da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, tras a modificación introducida pola Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, é un órgano colexiado adscrito á Institución da Valedora do Pobo, que ten como funcións principais a adopción das medidas de protección previstas na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, o estudo, instrución e toma de decisións sobre as informacións e comunicacións que se reciban de acordo coa dita Lei, a xestión da canle externa de comunicacións, o fortalecemento da cultura da información, dos mecanismos de promoción e defensa da integridade das organizacións e o fomento da cultura da información ou comunicación como mecanismo para previr e detectar ameazas en materia de fraude ou corrupción. Ten así mesmo, competencia en materia de incoación, tramitación e resolución dos procedementos sancionadores e a imposición de sancións polas infraccións tipificadas na Lei de protección da persoa informante.

Esíxese para a admisión á convocatoria do posto de xefatura de Área, que as persoas solicitantes pertencen ao Grupo B (A2), Escala Técnica de Finanzas ou escalas equivalentes, dado que a persoa que ocupe o posto, debe contar con formación e experiencia en funcións de control interno da actividade económico-financieira da Administración, exercicio da función interventora na fiscalización de expedientes de gasto, control financeiro (formal e de contido) de expedientes de contido económico, procedementos de licitación e comprobación material de cantidades destinadas á contratación, contabilidade pública e privada, control financeiro de subvencións, auditoría de fondos comunitarios, xestión da información económico-financieira, funcións contables e de control público e privado, emisión de informes, estudos, desenvolvementos técnicos e propostas en materia xestión orzamentaria, normativas e políticas financeiras, administración dos recursos financeiros, xestión de ingresos e gastos, investimentos e control de tesourería de entidades do sector público e privado, e auditoría interna que garanta o correcto funcionamento dos procesos financeiros e administrativos.

O posto ofertado terá por tanto como funcións, baixo a dirección do Subdirector/a Xeral, a xestión administrativa das denuncias e comunicacións que se reciban na AGPI, nas súas fases de recepción de información, admisión, instrución e terminación, especialmente nas comunicacións sobre posibles infraccións que se comuniquen en materias económico-financieiras e contables, tanto públicas como privadas, sen prexuízo das funcións que se lle poidan encomendar na elaboración de propostas nos casos nos que se soliciten a adopción de medidas de protección á persoa informante e na tramitación de procedementos sancionadores.

En concreto, considerase que debe ser relevante para a designación da persoa candidata para ocupar o posto, ademais da súa experiencia na tramitación de expedientes administrativos, é a súa experiencia profesional na administración pública en materia de xestión orzamentaria, normativas e políticas financeiras, análise e control contable público e privado, auditoría interna dos procesos administrativos e financeiros, xestión económica, xestión de ingresos e gastos, investimentos e control de tesourería e procesos de contratación, tanto de entidades públicas como privadas.

4. Solicitudes

Tal e como figura no correspondente expediente, á convocatoria presentáronse en prazo as seguintes solicitudes:

Numero	Nº Rexistro	Dta Entr.	Remitente
1	16415/24 e 16591/24	26/06 e 2/7/2024	[REDACTED]
2	16458/24	27/06/2024	[REDACTED]
3	16470/24	28/06/2024	[REDACTED]
4	16552/24	02/07/2024	[REDACTED]
5	16714/24 e 16722/24	05/07/2024	[REDACTED]
6	16764/24	08/07/2024	[REDACTED]
7	16954/24	12/07/2024	[REDACTED]

O solicitante [REDACTED], de acordo co currículo e documentación achegada e que consta na Institución, é Técnico de Administración Xeral, grupo A, subgrupo A1, polo que non acredita cumprir o requisito esixido na convocatoria de pertenza ao grupo B (A-2), Escala Técnica de Finanzas ou escala equivalente, tal e como figura nas bases da convocatoria e na Relación de Postos de Traballo da Institución, polo que procede a súa inadmisión á convocatoria.

As demais persoas solicitantes, acreditan cumprir co requisito de ser persoal funcionario de carreira pertencente ao grupo B (A2), Escala Técnica de Finanzas ou escala equivalente, polo que de acordo coas bases da convocatoria, procede a súa admisión ao procedemento.

5. Resumo das traxectorias das persoas candidatas

Das solicitudes, os currículos e a documentación achegada polas persoas aspirantes faise a análise seguinte en relación coa súa traxectoria profesional e formación con relación coas funcións do posto ao que concorren.

5.1. [REDACTED]

É funcionaria do Corpo Técnico de Xestión, pertencente a subescala Técnica de Administración Especial (área económico-financeira-A2), dende 1994, e do Corpo Técnico Superior de Administración Financeira (A1), Escala Administración Especial, Técnica Superior de Finanzas da Administración Local no Concello de Vilagarcía de Arousa, no que ocupa po posto de Técnica Superior do Departamento de Intervención.

É Licenciada en Ciencias Económicas e Empresariais e curso de posgrado en Contratación Pública.

Entre os anos 1994-2006 como Técnico de Xestión Económica, realizou labores de fiscalización de gastos e ingresos, colaboración na formación liquidación dos orzamentos e contas anuais e nas labores de planificación e rexistro da contabilidade municipal, compaxinadas coas función de Interventora Delegada da Fundación de Deportes.

Entre os anos 2007-2012, foi Xefa de Contabilidade (designación provisional) con funcións de xestión da Contabilidade Municipal, elaboración e control do orzamento, expedientes modificación de crédito e planificación das labores contables e do orzamento plurianual.

Ata o 2022 foi Xefa Sección Departamento Intervención, con funcións de fiscalización expedientes, xestión e fiscalización de proxectos financiados con fondos feder e/ou fondos da comunidade autónoma, informes de custes dos servizos, estudo e tramitación de operacións de crédito, coordinación dos departamentos implicados na xestión de fondos externos, elaboración de instrucións internas e planificación de tarefas, funcións compaxinadas durante algúns anos coas función de xefe de contabilidade, así como coas función de Interventora Delegada da Fundación de Deportes.

Durante os anos 1997-2022, foi Interventora Delegada do Organismo Autónomo con funcións de fiscalización de gastos e ingresos, control financeiro e control de eficacia e eficiencia, xestión da contabilidade, liquidación, contas anuais, elaboración do orzamento e exerceu función da xestión e planificación da Tesourería do Organismo Autónomo tanto na vertente de pagos e ingresos como na planificación de dispoñibilidade de fondos dentro do calendario anual.

Nos períodos 2005-2006, 2009-2010 e 2021-2022, foi Interventora Municipal en funcións con labores de fiscalización e de contabilidade, elaboración e liquidación do orzamento municipal e contas anuais.

Entre os anos 2017-2022, foi Técnica Superior da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (EDUSI) en Vilagarcía Avanza, con funcións de emisión de informes para a tramitación dos expedientes financiados con fondos FEDER, revisión de expedientes de contratación, pertenza ao comité antifraude, asesoramento na materia aos órganos de dirección e ao comité de seguimento, xestión económica dos fondos, manexo da plataforma Galatea, preparación das solicitudes de pagos, recursos e control dos proxectos a nivel contable e económico.

Dende novembro de 2022, é Técnica Superior do Departamento Intervención con funcións de asistencia técnica-financeira e asesoramento no ámbito da Intervención Municipal nos expedientes con contido económico, control e fiscalización financeira das Áreas de Rehabilitación e Rexeneración de Espazos Urbanos (ARRUs) e xestión de proxectos financiados con fondos externos, estudo de recursos presentados ante a administración en materia económica financeira e asistencia a xuízos como perito económico do Concello.

Ten formación complementaria en Fondos *Next Generation* (2022), procedemento administrativo (2018), elaboración, xestión e avaliación de estratexias integradas de desenvolvemento urbano sustentable (2018), auditoría do sector público (2018), fiscalización de subvencións (2015), instrución da contabilidade local (2015), financiamento comunitario para os entes locais (2015), técnicas de control de intelixencia emocional (2014), retos e as perspectivas do emprego público (2013), Lei de estabilidade orzamentaria nas entidades locais (2011), función pública local (2011), nova normativa de morosidade (2011), técnicas de elaboración, xestión e modificación dos orzamentos locais (2011), perfeccionamento da contratación pública (2008-2009), instrución de contabilidade pública na Administración Local, peche contable aplicación EURO_SICAL (2002), fiscalización interna e externa das entidades locais e sobre a responsabilidade das súas autoridades e funcionarios (2001), informática Excell e Access (2001) e xestión orzamentaria e contable para os entes locais

5.2. [REDACTED]

É funcionaria de carreira do Corpo Auxiliar Administrativo (C-2) da Administración Xeral do Estado dende novembro de 2016, nos que ocupou diversos postos. É funcionaria de carreira do Grupo A2 (Escala técnica de Finanzas), ocupando como funcionaria en prácticas dende novembro de 2023, a xefatura de sección na Intervención Delegada da Consellería de Facenda e Administración Pública. Dende o 18 de xaneiro de 2024, esta adscrita de forma provisional como funcionaria de carreira ao posto de Xefatura de Sección na Intervención Delegada da Consellería de Facenda e Administración Pública.

É Licenciada en Administración e Dirección de Empresas (2009).

En canto á súa formación complementaria, acredita segundo o certificado remitido, formación en Imposto sobre sociedades (2024) e en casos prácticos sobre o dito imposto (2024), na Lei 9/2017 de contratos do sector público (2023), responsabilidade patrimonial da Administración Pública (2023), Prestacións da seguridade social e cotizacións (2023), Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das Administracións (2023), Básico en prevención de riscos laborais (2023), aplicacións informáticas de tratamento de textos e de follas de cálculo (2023), superior de linguaxe administrativa galega (2023), monográfico dos procedementos de recadación das débedas en período executivo (2023), Lei do réxime financeiro e orzamentario de Galicia (2023), Lei xeral tributaria e os seus procedementos tras a Lei de prevención e loita contra o fraude (2023), recoñecemento de subsidios (2018), recoñecemento de prestacións contributivas (2017), Introducción ás prestacións por desemprego (2016) e coñecementos en Sistemas Operativos Windows e Linux, Microsoft Office (2016), LibreOffice e OpenOffice.

5.3. [REDACTED]

Foi funcionario interino do Corpo de Xestión Escala Técnica de Finanzas (A2) ocupando posto base (nivel 16) na Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (xullo 2018 a xullo 2022), posto base (nivel 16) da mesma escala na Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) (abril a xullo 2023), e foi funcionario interino do corpo Superior (A1) en posto base (nivel 20) na Axencia Galega de Innovación (GAIN) (agosto a novembro de 2023), funcionario en prácticas do corpo de Xestión (A2) ocupando o posto nivel 16 (novembro 2023 a xaneiro 2024) na Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e funcionario de carreira da Escala Técnica de Finanzas (A2), adscrito provisional como xefe de sección (Nivel 25) dende xaneiro de 2024.

É licenciado en Administración e Dirección de Empresas e como formación complementaria acredita formación en fiscalización da Lei de contratos (2020), aplicacións informáticas de bases de datos relacionais LibreOffice (2020), Planificación estratéxica como método de xestión pública (2020), formación en Feder, FSE e POEX (2021), aplicación práctica da Lei de contratos (2021), Lei de réxime financeiro e orzamentario (2021), contratos do sector público (2021), introdución á Unión Europea (2021), competencia e dereito da Unión Europea (2021), Superior de Administración Electrónica (2021), Sistema de información contable e tesoureira (2021), superior sobre Plan Xeral de contabilidade (2022), formación en Prevención de Riscos Laborais (2023), Lei xeral orzamentaria (2024), introdución ao dereito da Unión Europea para xestores públicos (2024) e procedemento inspector tributario (2024).

5.4. [REDACTED]

É Funcionaria no Corpo de Xestión, Escala Técnica de Finanzas, (subgrupo A2) na Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) como xefa de equipo en Ourense dende xaneiro de 2024, funcionaria en prácticas do dito subgrupo dende outubro de 2023, tivo contratos por acumulación de tarefas como Posto Base A2 nas campañas da renda 2018 e 2020, e foi funcionaria interina do Corpo Superior da Administración da Xunta, escala superior de finanzas, (subgrupo A1), no Servizo de Inspección e Control do FEDER (2021-2023), contratada na empresa TRAGSATEC en tarefas de apoio na xestión de axudas da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral e da Secretaría Xeral de Emprego (de xullo de 2020 a xuño de 2021) e tarefas de apoio para a xestión de determinadas axudas da Dirección Xeral de Formación e Colocación xullo de 2021 a xuño de 2022). Foi Técnica (contrato temporal) no Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), na Subdirección de Liquidación de Proxectos (2010-2011) .

É licenciada en Administración e Dirección de Empresas, diplomada en Ciencias Empresariais, Máster en xestión e dirección de empresas de moda (2008-2010) e ten formación complementaria en Imposto transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (2024), Imposto sobre sucesións e doazóns (2023), Lei xeral tributaria e os seus procedementos despois da lei de prevención e loita contra a fraude fiscal (2023), Plan xeral de contabilidade (2023), Lei xeral tributaria (2023) e Lei Réxime financeiro e orzamentario de Galicia (2023).

5.5. [REDACTED]

Funcionaria de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional (FHN) subescala de Secretaría-Intervención (Grupo A2). Ocupa dende 2016 e ata a actualidade, o posto de Secretaria Clase 3º do Consorcio de Promoción da Música na Coruña. Como destinos anteriores, ocupou o posto de Secretaría-Intervención do Concello de Rairiz de Veiga (1990-1991), Zas (1991), Galende (1991), Corcubión (1992), Lobeira (1995-1999), exerceu como Técnica de Auditoría da área de Corporacións Locais no Consello de Contas de Galicia (1999-2001) e como secretaria-Interventora do Concello de A Baña (2001-2016).

Ten tres cursos académicos da licenciatura de dereito, esta en posesión do Diploma de directivo da Xunta de Galicia (2000) e posgraio en Coaching, Pogramación Neurolingüística (PNL) e Liderazgo. (2017) e experta universitaria en Coaching.

Como formación complementaria aporta Curso Superior sobre transparencia, bo goberno e datos públicos (2017), Curso de formación de Inspectores Urbanísticos (2010), Superior teórico-práctico de planeamento, xestión, disciplina urbanística e medio ambiente (1995), Dereito

Público autonómico para persoal da Administración Local (1994), Directivos de Administración Pública, execución xestión procesos electorais (1991), Dereito Público persoal da Administración Local (1994), Ingresos locais (1992), Xestión e Contratación administrativa local (1992), medio de lingua galega (1993), Contratación administrativa local (1997), Contabilidade pública (1991), Réxime Urbanístico e medio ambiente en Galicia (2001), procedemento administrativo (1993), texto refundido da Lei do solo (1994), protocolo (1991) e proceso contencioso administrativo (1999).

5.6. [REDACTED]

Foi funcionario interino do Corpo de Xestión (A2), escala finanzas na Delegación de Ourense da Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) dende 2006. Como experiencia anterior, foi funcionario interino da Escala técnica de finanzas nas campañas IRPF 2002 e 2003, e como funcionario interino, Xefe de sección de Información e asistencia ao contribuínte (2006-2007) e Xefe de sección de sistemas de financiamento (2008) e dende outubro de 2008, Xefe de Equipo no Departamento de Xestión Tributaria.

É Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais, e acredita como formación complementaria, linguaxe administrativa galega nivel superior (2010), análise práctica do Plan Xeral de contabilidade avanzado (2010), imposto sobre o valor engadido (2010), transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (2011), contratación do sector público (2011), lei xeral tributaria (2011), imposto sobre sociedades (2011), procedemento de recadación (2012), procedemento de revisión (2012), Imposto sobre a renda das persoas físicas (2013), fiscalidade internacional (2013), Lei xeral de subvencións (2014), procedemento de aplicación dos tributos (2014), Lei xeral tributaria (2015), Introducción ao procedemento sancionador (2018), Imposto sobre o valor engadido (2019), transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (2019), imposto sobre a renda das persoas físicas (2021), análise práctica do Plan General de Contabilidad avanzado (2022), imposto sobre sucesións e doazóns (2007), procedemento tributario (2010), procedemento sancionador (2011), imposto sobre sucesións e doazóns (2011), contratos e a súa fiscalidade (2012), procedemento sancionador (2012), os contratos e a súa fiscalidade (2014), procedemento tributario (2015), Imposto se sucesións e doazóns (2016) urbanismo e fiscalidade autonómica (2018), os contratos e a súa fiscalidade (2019), imposto de sucesións e doazóns (2020) procedementos de xestión tributaria (2021), imposto sobre incremento valor terreos (2022), aplicacións informáticas de folla de cálculo (2011), Prevención de riscos laborais (2014), tributación do dereito civil de Galicia (2010), plan xeral de contabilidade (2010), fiscalidade do patrimonio familiar (2021), procedemento revisor da administración tributaria (2021), imposto sobre sucesións e doazóns (2021), a lei xeral tributaria

e vos seus procedementos tras a lei de prevención e loita contra ou fraude (2022), formación en prevención de riscos laborais para persoal funcionarios escala de finanzas (2023).

6. Elementos a ter en conta para valorar a idoneidade da persoa a seleccionar

De acordo co establecido no referido acordo da Mesa do Parlamento do 27 de maio de 2024, as funcións a desenvolver no posto que se pretende prover, son as de tramitación administrativa derivadas das comunicacións que se presenten ante a Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante (AGPI), proposta de medidas de protección á persoa informante e o procedemento sancionador, a emisión de informes, estudos, desenvolvementos técnicos e propostas en materia xestión orzamentaria, normativas e políticas financeiras, control contable público e privado, xestión económica, investimentos e control de tesourería de entidades do sector público e privado, procedementos contables, de contratación e de auditoría interna.

En congruencia con ditas funcións, para a valoración das persoas candidatas deben considerarse prioritarias a experiencia e formación para o desenvolvemento das mesmas, e en base á súa experiencia profesional e formación en postos relacionados coas funcións atribuídas ao posto da Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante.

7. Valoración das persoas candidatas

Das aportacións presentadas polas persoas que concorren á convocatoria relaciónase a valoración conclusiva da traxectoria profesional e da formación que ten relación coas funcións do posto ofertado.

XXXXXXXXXX é funcionaria do Corpo Técnico de Xestión da área económico-financeira (A2) e do Corpo Superior de Administración Financeira de Administración Local (A1).

É Licenciada en Ciencias Económicas e Empresariais e foi Técnico de Xestión Económica, Xefa de Contabilidade (provisional, durante cinco anos), Xefa Sección Departamento Intervención, Interventora Delegada do Organismo Autónomo, Interventora Municipal en funcións, Técnica Superior da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado e Técnica Superior do Departamento Intervención.

Neses postos, realizou labores de fiscalización de gastos e ingresos, formación liquidación de orzamentos e contas anuais, contabilidade municipal, tesoureira, modificacións de crédito e planificación contables, xestión e fiscalización de proxectos financiados con fondos FEDER

informes de custes dos servizos, operacións de crédito, xestión de proxectos financiados con fondos externos, e perito económico do Concello en procedementos xudiciais.

Ten formación complementaria en xestión de fondos europeos, financiamento comunitario, procedemento administrativo, auditoría, fiscalización de ingresos e gastos, subvencións, contabilidade, elaboración e liquidación de orzamentos, normativa de morosidade, contratación pública e ofimática.

██████████ desenvolveu parte da súa carreira profesional no Corpo Auxiliar Administrativo (C-2) e ten unha experiencia menor (dende novembro de 2023 en prácticas e dende xaneiro de 2024 adscrita de forma provisional) que o resto das persoas solicitantes no Grupo A2 no posto de Xefatura de Sección na Intervención Delegada da Consellería de Facenda.

É Licenciada en Administración e Dirección de Empresas e ten formación complementaria en imposto sobre sociedades, contratos do sector público, responsabilidade patrimonial prestacións da seguridade social e cotizacións, procedemento administrativo, procedementos de recadación das débedas en período executivo, réxime financeiro e orzamentario de Galicia e Lei xeral tributaria e os seus procedementos tras a Lei de prevención e loita contra o fraude, subsidios, prestacións contributivas, prestacións por desemprego e coñecementos transversais en ofimática e prevención de riscos.

██████████ é funcionario do Corpo de Xestión (A2) da Xunta de Galicia, Escala Técnica de Finanzas (A2), no que ocupou distintos postos tanto no dito Corpo como no Corpo Superior da dita escala, nunha Dirección Xeral, na Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), na Axencia Galega de Innovación (GAIN) e na Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

É licenciado en Administración e Dirección de Empresas e ten formación complementaria e en materia de fiscalización da contratación pública, xestión pública, xestión de fondos Europeos (Feder, FSE e POEX), réxime financeiro e orzamentario, competencia e dereito da Unión Europea administración electrónica, contabilidade e tesoureira, prevención de riscos laborais, inspección tributaria e ofimática.

██████████ é funcionaria do Corpo de Xestión (A2) da Xunta de Galicia, Escala Técnica de Finanzas (A2), no que ocupou distintos postos tanto no dito Corpo como no Corpo Superior da dita escala na Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) e no Servizo de Inspección e Control do FEDER (2021-2023), así como contratada en empresa publica para tarefas de apoio na xestión

de axudas en dúas Direccións Xerais e como técnica no Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) en traballos de Liquidación de Proxectos.

É licenciada en Administración e Dirección de Empresas, diplomada en Ciencias Empresariais, Máster en xestión e dirección de empresas e ten formación complementaria en materia de impostos, normativa tributaria e procedementos en materia de prevención e loita contra a fraude fiscal, contabilidade e réxime financeiro e orzamentario.

██████████ é funcionaria de Administración Local da subescala de Secretaría-Intervención (Grupo A2) dende o ano 1990, ocupando o posto de Secretaria Clase 3º de distintos concellos, Técnica de Auditoría no Consello de Contas de Galicia e dende o ano 2016, no Consorcio de Promoción da Música na Coruña.

Ten tres cursos académicos da licenciatura de dereito, e ten o Diploma de directivo da Xunta de Galicia, e formación complementaria en transparencia, urbanismo, Dereito Público autonómico, ingresos locais, contratación administrativa, contabilidade pública, procedemento administrativo e contencioso administrativo (1999).

██████████ é funcionario do Corpo de Xestión (A2), escala finanzas, dende o ano 2006, e ocupou os postos de xefe de sección de Información e asistencia ao contribuínte e xefe de sección de sistemas de financiamento, ocupando dende o ano 2008 ata a actualidade, o posto de Xefe de Equipo no Departamento de Xestión Tributaria na Delegación de Ourense da Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), departamento no que se exerce a potestade sancionadora dos tributos propios e tributos cedidos, recadación de ingresos de dereito público de natureza non tributaria e revisión en vía administrativa das actuacións e actos en materia tributaria

É Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais, e ten formación complementaria en contabilidade, fiscalidade internacional, impostos sobre o valor engadido, sobre a renda, transmisións patrimoniais, sucesións e doazóns, incremento valor terreos e sociedades, procedemento de recadación e procedemento de aplicación dos tributos, procedementos de xestión tributaria, contratación e subvencións do sector público, procedemento revisor da administración tributaria e procedemento sancionador, prevención e loita contra o fraude, ademais de coñecementos transversais en Prevención de Riscos Laborais e informática.

Por tanto, pola súa formación académica, formación complementaria e traxectoria profesional en materias de control interno da actividade económico-financieira, contabilidade pública,

control financeiro, auditoría, xestión da información económico-financeira, considéranse perfís adecuados para o posto ofertado os que se relacionan a continuación:

- [REDACTED]
- [REDACTED]
- [REDACTED]
- [REDACTED]
- [REDACTED]

De acordo co anterior, propónse a celebración dunha entrevista persoal cos referidos candidatos/as.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

	2024.09.12
SANTIAGO	09:41:42
GONZALEZ	+02'00'
SERRANO	

Santiago González Serrano
Vicesecretario Xeral

EXCMA. SRA. VALEDORA DO POBO